Ref.-sxrao
2798

INFORME DE SOSTIBILIDADE

SECCIÓN: CONSELLERÍA FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	**DATA ENTRADA**: 15/06/2023
NORMA/PLAN: LEI DE ESTATÍSTICA DE GALICIA	
OBXECTO: Regular a estatística para os fins de Comunidade Autónoma de Galicia, entendida como a produción e difusión de información, mormente cuantitativa, que representa un fenómeno colectivo referido ás realidades demográfica, social, cultural, económica, financeira e ambiental de Galicia e, en xeral, a calquera cuestión relativa ás competencias da Comunidade Autónoma.	
DATA DE RECEPCIÓN DOS DERRADEIROS DATOS DO XESTOR: 04/07/2023	

Impacto económico

Segundo manifesta o xestor na memoria económica: *"Segundo o previsto no Regulamento de funcionamento interno do Consello Galego de Estatística, os seus membros, agás os das letras a), b), c), p) e q) do artigo 19 do anteproxecto, percibirán unha indemnización por importe de 120,20 euros pola súa asistencia a cada sesión do pleno, comisións ou grupos de traballo, que se financiará con cargo á partida 07.80.581A.226.16 dos orzamentos do Instituto Galego de Estatística. A orixe dos datos que nutrirán o Rexistro de poboación de Galicia da disposición adicional primeira do anteproxecto implica que a súa creación e mantemento non orixinará ningún tipo de custo nin incrementos en materia de persoal mediante novos efectivos ou contratacións."*

Da percepción das indemnizacións indicadas anteriormente, na memoria económica-financeira complementaria o xestor indica que: *"Conclúese que no futuro, de celebrarse 2 plenos coa participación dos 28 vogais externos, resultaría un custe anual máximo de 6.731,20 €, que se financiaría con cargo ao capítulo II dos orzamentos do Instituto Galego de Estatística."*

Fundamento normativo:
Artigo 42.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
Artigo 3 e 7 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

INFORME: **Favorable**, por non ter impacto económico, xa que aínda que supoña custe económico, existen consignados nos estados de gastos créditos adecuados e suficientes no orzamento do ano 2023.

A directora xeral de Planificación e Orzamentos
Almudena Chacón Pichel

Asinado por: CHACON PICHEL, ALMUDENA
Cargo: Directora Xeral de Planificación e Orzamentos
Data e hora: 07/07/2023 09:38:57

CVE: uxHypaEn8gt1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos
Edificios administrativos San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tlfno.:981 54 51 10 – Fax.: 981 54 51 94
dx.planificacion.orzamentos.facenda@xunta.gal